

# Reflexión sobre o lume

*Benito Fontán Rivas*

Na era xeolóxica do Cuaternario, no período do Paleolítico Inferior, no Pleistoceno Medio, durante a época de glaciación Mindel, fai aproximadamente 400.000 anos, o Homo Erectus, anterior ao Homo Sapiens de Neandertal e anterior tamén ao Homo Sapiens Sapiens de Cro-Magnón descubre o modo de utilizar o lume, segundo estudos feitos por historiadores e antropólogos nos xacementos arqueolóxicos de Terra Amata en Niza e de Vertesszöllös en Hungría. Quince millóns de anos de evolución, dende a aparición dos primeiros homínidos na Terra, para chegar a esta data, 400.000 anos antes de Cristo, e a este feito da utilización do lume polo home. Home que naquela época tiña unha capacidade craneal de 825 cm<sup>3</sup>.


Dende esa data, 400.000 a.c., ata o día de hoxe, a humanidade seguiu evolucionando para chegar ao Homo Sapiens actual cunha capacidade craneal de 1.500 cm<sup>3</sup> e deulle ao lume unha gran importancia, chegando incluso a divinízalo: lume dos fogares, para quentarse, para facer a comida, para protexerse dos animais salvaxes;



na fabricación do vidro, na cerámica, na metalurxia, na pirotecnia, nos motores etc. Lume co sinónimo de fogo é utilizado para darlle nome ao: fogo grego, fogo de San Antón, fogo de San Marcial, fogo de San Telmo, fogos fatuos etc. Na antigüidade, Vulcano era adorado polos etruscos como Deus do lume. Ás vestales de Roma confiábaselles a garda do lume perpetuo no templo da Diosa Vesta. Agni era deus dos vedas na India con dúas acepcións: Deus do Sol e do Raio no ceo e Deus do fogar na Terra. Os persas en honor a Ahura-Mazda mantiñan fogos perpetuos. Os gregos tiñan a Hefestos como deus dos efectos do lume e a Prometeo como Deus da habilidade para servirse del e a Hestia como Deusa do sacrificio e do fogar.

Sen ir tan lonxe, os nosos antergos: pais, avós, bisavos etc utilizaban o lume no fogar, na agricultura, na gandería etc. Queimaban malas herbas, os restos das podas das viñas, a rama das patacas etc e con estas queimas puntuais eliminábanse gran cantidade de pragas como o escarvello das patacas ou o mildeu da viña entre outras. Levaban os rabaños ao monte, que era a mellor protección contra o lume, pois mantiñan o monte limpo ó mesmo tempo que producían carne e leite de gran calidade.

Os nosos antepasados tiveron sempre unha relación de simbiose coa Natureza: coa terra, co ar, coa auga, coa flora, coa fauna, co lume etc. Esta relación de beneficio mutuo entre o home e a Natureza foi quen de conservar en perfecto estado os distintos ecosistemas que lle permitiron desenvolver, durante milleiros de anos, a súa economía. Sabían por tradición conservar a cadea trófica dos mesmos. As cinzas das queimas, os excrementos dos animais, restrollos, herbas e toxos incorporados as terras labradas puñan en movemento a cadea alimenticia: bacterias, fungos, vermes que fabrican o abono que fai medrar a herba que dá sementes que comen as vacas, cabalos, ovellas e cabras, ademais dos coellos, perdices e lebres (por desgracia hoxe dos nosos montes desaparecidas). Ven logo o lobo, o raposo, a garduña, o xabarín e o home, que de todo comen. E cando remata a vida, todo volve á terra para comenzar de novo a movida.



Así se comportaban os nosos ascendentes co medio en que vivían. Pero hoxe está a acontecer un feito increíble. Parece ser que en Santiago de Compostela apareceu unha cova habitada por un novo xénero de homo, o "Homo Sancaetanensis" que rompeu con este modo de vida de simbiose coa Naturaza dos nosos antecesores e fíxose dono de todo: do mar, dos ríos, dos montes, dos vermes, do lume e tamén teima facerse dono da auga que cae do ceo e sen o seu permiso non se pode facer nada. Fíxose dono ata da nosa liberdade.

Os nosos anterigos enviaban as súas brigadas de protección contra o lume, que non lles custaba nada: ovellas, vacas, cabalos e cabras e que bo leite e carne lles daban.

O Homo Sancaetanensis declaroulle a guerra ó lume: catro mil gardas civís, vixias, brigadas de retén, brigadas fixas, protección civil, bombeiros, o exercito, manguueiras, bombas, pas, avións, camións, helicópteros para apagar o lume e tamén helicópteros para que o Homo Sancaetanensis poida desfrutar, dende o ceo, dese espectáculo marabilloso.

E nós, os contribuintes, dende a terra, pagando unha millonada, por algo que ós nosos vellos non lles custaba nada pois nunca o monte se queimaba.

Parece ser que eminentes antropólogos criminalistas italianos, da escola de Césare Lombroso e Enrico Ferri, están a facer estudos sobre esta nova especie (Homo Sancaetanensis), para saber se esta é unha especie desmesuradamente evolucionada, cunha capacidade craneal superior a os 1500 cm<sup>3</sup> ou se polo contrario se está a producir unha REGRESIÓN hacia o homo de Cro-Magnón que xa dominaba o lume naqueles tempos ou hacia o Homo Herectus que, cunha capacidade craneal de 825cm<sup>3</sup>, foi o primeiro en dominalo

Outono do 2012

*Nota: Fotos, óleos do Autor*